



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Corrección de erro material nas bases específicas do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal laboral fixo, de dúas vacantes de peón/a de limpeza de edificios municipais

Corrección de erro material nas bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal laboral fixo, de dúas vacantes de peón/a de limpeza de edificios municipais OEP 2021, mediante o sistema de oposición.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do xoves 10 de abril de 2025, adoptou o seguinte acordo:

Rectificar o erro material do acordo do 07.11.2024 da Xunta de Goberno Local, polo que se prestou aprobación ás bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal laboral fixo, de dúas vacantes de peón/a de limpeza de edificios municipais incluídas na OEP do Concello de Fene do ano 2021, mediante o sistema selectivo de oposición; de xeito que na base específica 8.2.

Onde di:

“TERCEIRO EXERCICIO:

(...)”

O exercicio cualificarase no seu conxunto de 0 a 10 puntos e deberase obter unha puntuación mínima de 10 puntos para superalo, correspondéndolle ao tribunal determinar, por comparación/ponderación coa media do conxunto dos/as participantes, e con arranxo aos criterios de corrección e puntuación previamente fixados, o nivel de coñecementos necesario para acadar a dita nota mínima. En todo caso, e aos efectos da dita corrección e puntuación, ademais dos coñecementos, o tribunal valorará a capacidade de traballo, eficiencia, a precisión e a prevención de riscos aplicada na resolución dos supostos prácticos concretos.

(...)”

Debe dicir:

“TERCEIRO EXERCICIO:

(...)”

O exercicio cualificarase no seu conxunto de 0 a 10 puntos e deberase obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondéndolle ao tribunal determinar, por comparación/ponderación coa media do conxunto dos/as participantes, e con arranxo aos criterios de corrección e puntuación previamente fixados, o nivel de coñecementos necesario para acadar a dita nota mínima. En todo caso, e aos efectos da dita corrección e puntuación, ademais dos coñecementos, o tribunal valorará a capacidade de traballo, eficiencia, a precisión e a prevención de riscos aplicada na resolución dos supostos prácticos concretos.

(...)”

En Fene, asinado dixitalmente o día 14.04.2025 na marxe polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

2025/2414